


ACTIVIDADES PARA A SEMANA DO 25 AO 29 DE MAIO

Esta semana, queremos comenzar con outro pequeno "recordatorio" que ás veces tamén se nos esquece...



Agradecemos moitísimo que estedes transformando os vosos fogares en aulas, salas de experiencias, ximnasios... e que continuamente teñades unha moi boa disposición para establecer contacto con nós.

RUTINAS DIARIAS PARA FACER CADA DÍA AO COMEZO DA XORNADA

- **CALENDARIO:** empregar un calendario para localizar e sinalar o día.
- **REXISTRO DO TEMPO ATMOSFÉRICO:** mirar pola ventá que tempo vai e debuxalo, preferiblemente no propio calendario para poder levar un rexistro.

É importante que garden o rexistro do tempo, pois ao finalizar o mes analizaremos os resultados anotando cantos días houbo de choiva, sol, sol con nubes... e así aproveitar para traballar cantidades, gráficas, etc... se vos parece ben, comezamos esta semana e farémolo ata fin de curso!

- **ESTADO DE ÁNIMO:** falar sobre como se sinten, nun folio, anotar a data (día da semana, día do mes, mes e ano) e debuxar ou escribir aquilo que represente o seu estado de ánimo con cariñas, bonec@s... (o importante é saber das súas emocións)

DESEGUIDO PARA COMEZAR ÉSTES DÍAS... UNS MINUTIÑOS DE **MINDFULNESS**; TRANQUILIZA SERENA E ESCLARECE A MENTE, E TEN UNS EFECTOS MOI POSITIVOS SOBRE O NOSO CORPO, OU BEN UNHA SESIÓN DE QUECEMENTO; VÓS ELEXIDES.

Explicación MINDFULNESS: premede na imaxe!



* Quince minutos de traballo diario para a activación do corpo, serán de gran axuda. Aprende esta rutina para facer cada día:

- marcha cruzada frontal
- marcha cruzada posterior.
- forza remonte o pino.
- forza "cangrexo".
- equilibrio posición en "T".
- equilibrio "A grulla".
- mobilidade ombreiros.
- coordinación salto abrindo brazos.



TAREFA 1: "RECORDOS DA ESCOLA".

Como levamos moito tempo sen vernos e de seguro que teredes moitas ganas de vervos e vos botades moitísimo de menos, propoñémosvos esta actividade para que dalgún xeito continuedes tendo presentes @s vos@s compañeir@s e tamén @s profes!!!


Gustaríanos que elaborarades **un libriño** no que en cada páxina debuxedes a un ou dous dos vosos compañeir@s e profes e escribades algún recordo agradable que teñades deles ou delas.

Cada día desta semana, faredes **unha páxina**, recordando a quen vós queirades, pero non vos esquezades de ninguén, pois tod@s somos imprescindibles para formar este gran equipo!!! Ao final desta aventura teredes un libro que será un gran tesouro, pois permitiravos recordar a cada un de nós para SEMPRE!!!

Para isto, podedes deixar voar a vosa imaxinación...; utilizar os materiais que teñades: folios, cartolinas ou cartóns reciclados de cereais, galletas... Grampalo, coselo facendo buracos, pegalo... para facer a composición que mellor vos guste e con axuda de algún maior, vale? A ver que cousiñas lindas saen...

Deixámosvos un exemplo para aplicalo ao voso propio libriño. Éste é un exemplo, de como facer un conto, por si vos animades a escribir máis... SE QUEREDES SABER MÁIS, PREMEDE NA SEGUINTE LIGAZÓN:

<https://www.youtube.com/watch?v=yHtUDCp6IU8>



TAREFA 2: "EXPERIMENTO de MAXIA"



Hoxe imos facer algo que vos vai encantar... Imos facer **MAXIA!** O papel si o mollamos, esnaquízase, non si??? Pois, non sempre... mirade o vídeo e facédeo tantas veces queirades; ao voso gusto cos materiais que teñades. Xa nos mostraredes as fotiños!

DEBUXO MÁXICO: **premede na imaxe para comezar...**



TAREFA 3: "LÓXICA MATEMÁTICA".

Hoxe: "NÚMEROS POSTERIORES E ANTERIORES A UN DADO". Podedes facelo igual ou diferente noutro folio, cartolina... Lembrades estes números? Veña, a ver cantos sabedes, completade os debuxos, cantos máis, mellor!



TAREFA 4: "AUDICIÓN E LINGUAXE"

* RECOMENDACIÓNS PARA A ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE

-PRAXIAS DIVERTIDAS: preme na imaxe para practicar...



> Tamén podedes facelas con PEPA PIG e a súa familia preme na imaxe...



-DISCRIMINACIÓN DE SONS: Xogamos a escoitar os sons da casa preme na imaxe e presta moita atención...

LOS SONIDOS DE LA CASA

-EXERCICIOS DE SOPRO: poñede azucre ou sal nun recipiente e que tenten soplar formando a súa inicial, outras letras, números, formas xeométricas... o que lles apeteza no momento... Tamén podedes elaborar un "aparato soprador" como o da foto e que tentedes que a boliña que pode ser de papel, esté no aire o maior tempo posible. Quen aguantará máis???



TAREFA 5: SEMPRE É BOA UNHA "HORA DE LER".

CONTO: "CARABUÑAS": <https://youtu.be/3YYQTEkkFdA>

Despois de escoitar e ver o conto, respostades ás seguintes cuestións: (podedes verbalizalo primeiro, despois escribir con axuda ou debuxar...)

- que oficio tiña Carabuñas?
 - que espertou a Branca cando estaba durmida?.....
 - que non cortaba nunca Carabuñas?.....
 - ao final, que lle fai Branca a Carabuñas?.....
-

QUE FOI O QUE MÁIS VOS GUSTOU???. AGORA, DEBUXÁDEO MÁIS NON ESQUEZADES POÑER O NOME E O TÍTULO AO VOSO DEBUXO!

E para rematar a semana todos e todas a bailar e cantar!!! "ISTO BAILASE ASÍ": <https://youtu.be/oMmcstVxFoI>



Ademáis, por si a algúns vos apetece, deixámosvos algunhas ideas para un "RECANTO DE ARTE": preme na imaxe...

IDEAS SENSORIALES PARA HACER CON PEQUES



@ENTRENUBES ESPECIALES / PARENTSPLACE

TODO IRÁ BEN!!!!

BOA SEMANA E BICOS VIRTUAIS A TOD@S.

- RECORDADE QUE ESTAMOS CON VÓS POLO ABALAR E NOS NOSOS CORREOS:

mdavila@edu.xunta.es (profe Marga)

yolanda.rodriguez.vila@gmail.com (profe Yolanda)